

I SIMPOSIO INTERNACIONAL OS ESTUDOS GALEGOS CAMIÑO DO XACOBEO 21

14|15|DEC

SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRESENTACIÓN

Este **I SIMPOSIO** nace como un primeiro foro de debate internacional dende os Centros de Estudos Galegos (CEG) repartidos por universidades de todo o mundo. Os CEG e outras entidades que colaboran con eles funcionan como motores de difusión da lingua e a cultura propias de Galicia.

Neste evento queremos compartir experiencias para poder definir os eixes de actuación sobre o noso patrimonio cultural e lingüístico **CAMIÑO DO XACOBEO 21**.

Organización: Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Axencia de Turismo de Galicia e da Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo.

Obxectivos: Establecer as liñas comúns de actuación cara a difusión do Xacobeo do ano 2021 e as accións que se realizarán durante o tempo que queda para a súa celebración. Tamén se pretende recoller as achegas que, dende a experiencia, os diversos CEG fan a respecto da promoción do Xacobeo en cada un dos países onde operan. Deste xeito, iniciamos así un proceso de creación de materiais específicos para cada un dos lugares de onde proveñen e que teñen como finalidade a promoción do Camiño de Santiago, o Xacobeo e Galicia. Por outra banda, designaranse como "Prescritores" os membros dos centros ou o seu persoal colaborador, se for o caso. Finalmente, abríranse liñas de colaboración entre os CEG e as máis de 300 Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago para promover o noso patrimonio, a lingua, a literatura, a música e a historia de Galicia.

Destinatarias/os: Persoal docente e investigador de diversas universidades dos Centros de Estudos Galegos, axentes culturais de turismo, membros das universidades e de institucións galegas, así como persoal da administración estreitamente relacionado coa rede de lectorados e coa planificación lingüística.

Realización: 14 e 15 de decembro de 2018

Duración: 16 horas

Lugar: Santiago de Compostela

galicia
o bo camiño

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

www.lingua.gal

 www.facebook.com/LinguaGalega

 twitter.com/SPXL

XUNTA DE GALICIA



I SIMPOSIO INTERNACIONAL OS ESTUDOS GALEGOS CAMIÑO DO XACOBEO 21

VENRES 14 | DEC

(Cidade da Cultura, Centro de Innovación Cultural)

08:30h **Recollida e traslado dos relatores e invitados á Cidade da Cultura**
Entrega de acreditacións

09:30 h **Inauguración**
Román Rodríguez González. *Conselleiro de Cultura e Turismo*
Nava Castro Rodríguez. *Directora da Axencia de Turismo de Galicia*
Valentín García Gómez. *Secretario xeral de Política Lingüística*

10:00 h **Mesa Redonda**
Importancia da proxección do Camiño e o Xacobeo
Introduce e modera **Mª Carmen Martínez Insua,** *directora xeral de Patrimonio Cultural*
Participantes:
Víctor Freixanes. *Presidente da Real Academia Galega*
Luís García Montero. *Director do Instituto Cervantes*
Filippa Soares. *Responsable do Instituto Camões en Madrid*
Mª José Porteiro García. *Membro do Plenario do Consello da Cultura Galega*

11:00 h **Mesa Redonda**
A experiencia da promoción do Camiño dende os Centros de Estudos Galegos
Introduce e modera **Gregorio Ferreiro Fente.** *Vicepresidente da Network to Promote Linguistic Diversity (NPLD)*
Participantes:
María Boguszewicz. *Universidade de Varsovia e presidenta da Asociación Internacional de Estudos Galegos*
Ricardo Pichel. *Universidade Complutense de Madrid*
Graciana Vázquez Villanueva. *Universidade de Bos Aires*
Elena Zernova. *Universidade de San Petersburgo*
Fernando López Alsina. *Universidade de Santiago de Compostela*

12:00 h **Pausa Café**

12:30 h **Mesa Redonda**
O Turismo, forma de coñecemento e difusión cultural
Introduce e modera **Mª Lourdes Batán Aira.** *Subdirectora xeral de Política Lingüística*
Participantes:
Jose Luis Maestro Castiñeiras. *Director de Competitividade da Axencia de Turismo de Galicia*
Laura González-Dopeso. *Xefa de Área de Calidade e Proxectos europeos, da Axencia de Turismo de Galicia*
José Manuel Rey García. *Director do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre Campo Lameiro*
Xose Lago García. *Subdirector xeral de Acción Exterior e de Cooperación Transfronteiriza e director da agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal*

13:30 h **Visita á exposición “Castelao maxístral”, na que se expón a obra “A derradeira lección do mestre,” explicada polo seu comisario Miguel Anxo Seixas**

14:00 h **Xantar na Cidade da Cultura**

16:00 h **Mesa Redonda**
Presenza da cultura e a lingua do Camiño
Introduce e modera **Anxo Lorenzo Suárez.** *Director xeral de Políticas Culturais*
Participantes:
Gabriel Rei Doval. *Universidade de Wisconsin-Milwaukee*
Takeshi Kakihara. *Universidade de Tokio*
Ildikó Szijj. *Universidade de Budapest*
Valeria Gil Condé. *Universidade de São Paulo*

17:00 h **Mesa redonda**
Visión das entidades que traballan a favor do camiño e a súa difusión
Introduce e modera **Emilia García López.** *Responsable de Acción Exterior do Consello da Cultura Galega*
Participantes:
Jesús Palmou Lorenzo. *Presidente da Academia Xacobeá*
Celestino Lores Rosal. *Presidente Asociación de Amigos do Camiño Portugués*
Teresa Carballeira Rivera. *Secretaria executiva Grupo Compostela*
Juan Serrano López. *Alcalde de Portomarín e Presidente Mancomunidade Municipios Camiño de Santiago*

18:00 h **Mesa redonda**
Proxección da música na cultura galega
Presenta e modera **Victor Belho.** *Produtor musical*
Participantes:
Roi Casal
Javier Otero Neira
Uxía Senlle

19:30 h **Recollida e traslado dos asistentes**

21:00 h **Cea tradicional galega**

SÁBADO 15 | DEC

(Pazo de San Roque, San Domingos de Bonaval, Catedral, Museo das Peregrinacións, Centro Internacional de Acollda ao Peregrino e Hostal dos Reis Católicos)

PAZO DE SAN ROQUE- SXPL

09:30 h **Presentación do volume “Kiel-Santiago de Compostela: Encrucilladas da diversidade lingüística europea”**
Javier Gómez Montero, *do CEG da Universidade de Kiel*

10:00 h **Proxección do Xacobeo 21**
Cecilia Pereira Miramón. *Comisaria do Xacobeo 21*

SAN DOMINGOS DE BONAVAL

11:00 h **Visita ao Panteón de Galegos Ilustres e á exposición do CCG “Alba de Gloria de Castelao. Unha experiencia”**

CAMIÑO DE SANTIAGO

Percorrido dende a Porta do Camiño ata a praza do Obradoiro

12:00 h **Chegada á catedral**
Visita á Catedral e ao Museo catedralicio

14:00 h **Xantar**

16:00 h **Museo das Peregrinacións.** Breve visita guiada
Presentación do libro O camiño de Santiago debuxado, de Joaquín González Dorao e visita comentada á súa exposición

17:00 h **Centro Internacional de Acollda ao Peregrino.** Breve visita guiada

17:30 h **Hostal dos Reis Católicos.**
Mesa redonda
Peregrinación e feito xacobeo
Introduce e modera **Rafael Sánchez Bargiela.** *Director-xerente do Xacobeo e responsable das relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago*
Participantes:
Segundo Pérez. *Deán da Catedral de Santiago*
Klaus Hebers. *Catedrático de Historia Medieval e Ciencias Auxiliares da Universidade Erlangen-Nürnberg*
Annette Argall. *Membro da directiva da Asociación American Pilgrims on the Camino*
Domingo González Lopo. *Director da Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións da Universidade de Santiago de Compostela*
Ramón López Vázquez. *Catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela e colaborador do Instituto de Investigación Ramón Piñeiro*

18:30 h **Presentación do material promocional de Turismo de Galicia**
Carmen Pita Urgoiti. *Directora de Promoción da Axencia de Turismo de Galicia*

19:00 h **Clausura do Simposio**

20.30h **Concerto na capela do Hostal dos Reis Católicos**
Guadi Galego

21.30h **Cea**